

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA ESCOLARES

CURSO 2025-26

ÁRTIKA - BEIRAMAR 113 - VIGO
 beatriz@artikavigo.com
 Tlf: 644 22 09 67



OS DOUS DE SEMPRE
 Producións Excentricas

Pedriño e Rañolas son dous amigos inseparables, antagónicos e entrañables: un é idealista e soñador, o outro materialista e pragmático. Son “os dous de sempre”, criaturas nadas do papel e do humor gráfico de Castelao, agora traídas á escena por Mofa e Befa.

Nesta nova aventura, o dúo cómico máis emblemático do país encarna os arquetipos da comedia galega, mesturando bufóns, pallasos, nenos e tolos nunha viaxe teatral tan divertida como fonda. A escena convértese nun espazo onde corpo e alma, risa e crítica, tradición e vangarda se dan a man. Un espectáculo para rir, pensar e celebrar o humor como patrimonio colectivo.

PÚBLICO:
 4º E.S.O. E BACHARELATO

DURACIÓN:
 85 MINUTOS

IDIOMA:
 GALEGO

DISPONÍBLE:
 NOVEMBRO E DECEMBRO



NON PASARÁN
 Ártika Cía.

Cunha combinación de narrativa teatral, elementos de comedia e drama absurdo, Non Pasarán desenvólvese nun país/lugar sacudido por unha vaga de incendios provocados por unha organización descoñecida. O lema da cidadanía é claro: “Non pasarán”, un chamado a non permitir a entrada nos fogares de estraños que poderían poñer en perigo a súa integridade e á da comunidade. Con todo, Cándido e a súa filla Ana acollen a unha misteriosa parella na súa casa, o que desencadea unha serie de sucesos que transforman a súa vida cotiá.

Baseada na obra “Biedermann e os incendiarios” de Max Frisch, Non pasarán eríxese como un faro de resistencia e conciencia ante os desafíos políticos e sociais nun contexto marcado polo rexurdimento de ideoloxías autoritarias e movementos antidemocráticos.

PÚBLICO:
 3º E 4º E.S.O. E BACHARELATO

DURACIÓN:
 90 MINUTOS

IDIOMA:
 GALEGO

DISPONÍBLE:
 XANEIRO E FEBREIRO



MOSCA
 Ártika Cía

A obra narra a historia de Pedro, un neno de dez anos que sofre acoso escolar. Pero vese reflectido nos ollos da súa nai, do seu pai e da súa profesora en calquera instante da peza.

Augurante e intensa, Mosca, somérxese na vida dun neno e que é o que sente sufrindo bullying, pero tamén no tempo, nos prexuízos e no non saber que facer e como pode solucionar o entorno no que se desenvolve Pedro. O acoso escolar é un dos problemas graves da nosa sociedade actualmente. Mosca é un proxecto que fala sobre o entorno dos nenos a través da súa familia e da escola.

A impotencia de non saber o que facer e a falta de información ao non detectar o problema a tempo, a ausencia, o amor, a compaixón e o acoso.

PÚBLICO:
 TODA A E.S.O.

DURACIÓN:
 60 MINUTOS

IDIOMA:
 GALEGO

DISPONÍBLE:
 XANEIRO

O prezo das funcións na sala será de 5€ por alumno.

Ao longo do curso pode xurdir a posibilidade de incluír na programación outros espectáculos. Enviáremosvos a información.